

## Vantaxes do uso da biomasa

- A biomasa é un combustible galego barato e limpo.
- Acada un aforro anual dun 65% con respecto ao gasóleo e dun 45% respecto ao gas natural.  
Unha vivenda familiar pode aforrar 1.000 € anuais en relación á caldeira de gasóleo, cifra que ascendería a case 13.000 € no caso dun edificio do sector servizos ou comunidade de veciños.
- É unha enerxía respectuosa co medio ambiente porque contribúe á redución das emisións de CO<sub>2</sub> e reduce a dependencia enerxética dos derivados do petróleo.
- Contribúe á limpeza dos montes galegos, diminuíndo así o risco de incendios.

### AFORRO ANUAL MEDIO CO CAMBIO Á BIOMASA

	Se tiña GASÓLEO	Se tiña GAS NATURAL
Vivenda 	AFORRA 860 €	AFORRA 430 €
Comunidade de veciños 	AFORRA 12.900 €	AFORRA 5.700 €
Industria 	AFORRA 129.000 €	AFORRA 40.000 €

Co uso da biomasa

**acádase un aforro**  
de ata un **65%**



A Biomasa ofrece  
**claros beneficios**  
ambientais, enerxéticos e económicos

A Xunta de Galicia ten activada unha estratexia de impulso da BIOMASA co obxectivo de potenciar unha industria asociada á valorización enerxética deste recurso que comprende tanto a transformación como a distribución e instalacións de caldeiras para o emprego da biomasa como fonte de calor en fogares e empresas.

A reutilización dos residuos xerados nos nosos montes contribúe a fixar emprego no rural e permítenos a posta en valor dos mesmos cunha fonte de enerxía limpa, autóctona e barata que hai que aproveitar.



galicia

Instituto Enerxético de Galicia: [www.inega.es](http://www.inega.es)

**Biomasa galega**  
a fonte de calor limpa



XUNTA DE GALICIA

## A biomasa forestal

A biomasa forestal é unha materia orgánica derivada dos **residuos xerados no monte e procesados con fins enerxéticos**: restos de curta, derivados de tratamentos silvícolas, roza de matogueira e podas.

Nos montes de Galicia hai unha gran variedade de especies forestais que teñen un importante potencial enerxético. Esta abundancia do noso monte converte a **biomasa forestal galega** nun recurso enerxético limpo, económico e próximo para os nosos fogares e empresas.

A biomasa é un combustible  
**100% galego**



## Desde o monte ao fogar

En Galicia temos capacidade suficiente de produción para atender a demanda deste biocombustible do que se producen anualmente 140.000 tn.

A subministración, tanto de estelas como de pellets, realízase de forma semellante a como se reparte o gasóleo e hoxe en día chega directamente ao domicilio.

O subministro é  
**porta a porta**

## Como funciona a caldeira?

Existe unha gran variedade de caldeiras de biomasa que se utilizan para xerar calor en vivendas e procesos industriais. As súas características principais son:

■ **Tamaño e funcionamento similares aos doutros combustibles fósiles segundo o modelo e a potencia.** O habitual nunha vivenda unifamiliar é unha caldeira de 25 kW de potencia cunha dimensión aproximada de 140 cm (alto) x 40 cm (ancho) x 70 cm (profundidade).

■ **Fácil instalación, tanto en vivenda nova como en substitución de caldeiras xa existentes.** Neste caso apróveitanse todos os elementos instalados; radiadores, acumulador de ACS, aerotermos, chan radiante...

■ **Programación sinxela e funcionamento automatizado** cuxo mantemento é similar ao dunha caldeira de combustible convencional.



# BIOMASA

## Os biocombustibles

A combustión dos residuos forestais e agrícolas é unha fonte enerxética idónea para **calefacción e auga quente** no ámbito doméstico e industrial.

Desde que saen do monte ata que chegan á caldeira, os residuos forestais son sometidos a distintas transformacións para converterse no combustible máis adecuado para cada consumidor. Os biocombustibles máis habituais son **estelas, pellets, briquetas e leña**.

Os pellets perfílanse como **unha das fontes de enerxía do futuro**: son máis económicos e menos contaminantes que os combustibles fósiles e a súa orixe é completamente natural.

No fogar os biocombustibles  
**máis empregados**  
son a leña e os pellets

